

# Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia o 22 de novembro de 2017

4.114121 (10/PNP-001164)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 165, do 30.08.2017

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia considera necesario estudar a modificación da actual regulación das modalidades de acceso anticipado á xubilación, polo que o Parlamento de Galicia insta á Xunta para que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no Marco do Pacto de Toledo, con presenza de todos os axentes e sindicatos representativos, se proceda a estudar e valorar as seguintes medidas, garantindo en todo caso a viabilidade do sistema de pensións:

**Primeiro.**– Realizar as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.

A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

**Segundo.**– Que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

**Terceiro.**– Que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpra a idade legal de xubilación.

**Cuarto.**– Que as presentes medidas non se verán afectadas polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207”.